



## Concello de Xove

---

**Xestor de Expedientes. Expediente núm.:1079/2018**  
**Procedemento: COMVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS EN CONCORRENCIA NON COMPETITIVA.- AXUDAS A EXPLOTACIÓNS GANDEIRAS**  
**DOCUMENTO ASINADO POR: A CONCELLEIRA DE CULTURA**

### **BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA E MEDIANTE TRAMITACIÓN ANTICIPADA DO GASTO, DAS AXUDAS PARA EXPLOTACIÓNS GANDEIRAS DE GANDO VACÚN PARA O EXERCICIO 2019**

O Concello de Xove, consonte ao previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e no que sexa de aplicación, os RD 887/2006, de 21 de xullo e Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, e ao obxecto de potenciar unha gandeiría de calidade dentro do seu territorio como garantía para os cidadáns obrigados a nutrirse de alimentos e produtos provintes da mesma, no exercicio das facultades conferidas pola normativa vixente e, en especial pola Lei 7/85, de 2 de abril, formúlanse as presentes bases que regulan as axudas para explotacións gandeiras de gando vacún.

#### **PRIMEIRA.- DEFINICIÓN DO OBXECTO**

O obxecto da presente convocatoria é regular o sistema de concesión de axudas para compensar ós titulares de explotacións gandeiras de gando vacún sitas no concello por perdas derivadas da morte da reses, correspondente ao exercicio de 2018.

Aos efectos das presentes bases enténdese por explotación gandeira o conxunto de bens e dereitos organizados empresarialmente polo seu titular no exercicio da actividade gandeira e que constitúa en sí mesma unha unidade técnico-económica na que se teñan, críen, ou manipulen animais, sen perxuízo da súa división, por razóns técnicas, en diferentes unidades de produción.

Considérase gasto subvencionable o gasto no que pode incurrir durante todo o ano o titular da explotación gandeira pola perda derivada da morte de reses, aínda que esta se producise no exercicio anterior ao da convocatoria.

#### **SEGUNDA.- CRÉDITO ORZAMENTARIO E TRAMITACIÓN ANTICIPADA DO GASTO**

A contía máxima destinada ás presentes axudas é de 17.000,00 € (partida 412.479 do Estado de Gastos do Orzamento Municipal). A presente convocatoria suxéitase ao réxime de tramitación anticipada do gasto regulado no artigo 56 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e no artigo 25 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de



## Concello de Xove

Galicia. A concesión das axudas queda polo tanto condicionada expresamente á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución de concesión.

Ao tratarse de un procedemento administrativo que non leva aparelado o esgotamento do crédito nun só acto de concesión senón que a súa disposición se realiza en actos sucesivos, e tal e como dispón o artigo 31.4 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, no momento do esgotamento da partida orzamentaria asignada non poderán admitirse posteriores solicitudes destinadas a participar del, salvo que se recorra a un incremento do crédito orzamentario ou se recorra a unha nova convocatoria, do xeito establecido no artigo 31.2 da lei anterior.

### TERCEIRA.- CRITERIOS DE VALORACIÓN

Sempre e cando se reúnan os requisitos establecidos nas presentes bases, exceptúase o requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas non sendo necesario polo tanto a comparación entre as mesmas, co límite do crédito orzamentario existente para a convocatoria.

### CUARTA.- CONTÍA DAS AXUDAS

A axuda alcanzará como máximo un número de dez reses por explotación e varía en función da idade do animal de acordo co seguinte baremo:

IDADE	AXUDA €
<b>Menos de 1 mes</b>	120
Entre 1 e 6 meses	200
Entre 6 e 9 meses	300
Entre 9 meses e 2 anos	400
Entre 2 e 4 anos	500
Entre 4 e 7 anos	400
Entre 7 e 10 anos	300
Entre 10 e 14 anos	200
Máis de 14 anos	0

Asímesmo, os abortos de máis de sete meses, percibirán 60 € por cría.

### QUINTA.- CENSO DE GANDO

Toda explotación gandeira deberá estar rexistrada no censo municipal que a tal efecto elaborará a Concellalía de Agricultura, Gandeiría e Monte.

### SEXTA.- BENEFICIARIOS

Poderán solicitar as axudas recollidas nas presentes Bases as persoas físicas ou xurídicas que consten como titulares da explotación gandeira e estean censados no Concello. (C.E. 27025....)

O solicitante deberá estar ao corrente do pagamento dos tributos do Concello



## Concello de Xove

---

de Xove e a tal efecto a formulación de solicitude da axuda presupón a autorización para recadar a información que verifique o cumprimento de tal extremo.

### SÉTIMA.- REQUISITOS DO GANDO OBXECTO DA AXUDA

Para poder disfrutar da axuda o gando deberá dispor da carta de saneamento, excepto as reses que nazan ou se compren entre campañas de saneamento. Neste caso, se o xato está chapeado esixirase que estea anotado no Libro de Explotación do titular.

Asímemo, para ter dereito á subvención no que atinxe a gando comprado, deberá ter una estadía mínima de dous meses na explotación do solicitante, tanto se trate das reses como das súas futuras crías.

### OITAVA.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLOS SOLICITANTES

- Modelo de solicitude a facilitar polo Concello
- D.N.I. do solicitante
- Certificado de empadramento
- Documentación acreditativa da titularidade da explotación (Fotocopia compulsada da portada do Libro da Explotación e da páxina na que estea inscrito o animal)
- Fotocopia cotexada do impreso oficial acreditativo da recollida do animal morto para o seu traslado á planta de residuos homologada.
- Fotocopia compulsada da carta de saneamento actual. No caso de que o animal fose adquirido noutra explotación, fotocopia da carta de saneamento da explotación da que procede.
- Fotocopia compulsada do D.I.B. do animal, que deberá estar dado de baixa na Oficina Agraria Comarcal.
- Certificado da entidade bancaria indicando o número de conta do solicitante
- Declaración xurada de non ter solicitada ou concedida ningunha outra axuda para a mesma finalidade de ningunha Administración Pública, no modelo facilitado polo Concello.

A presentación da solicitude de bolsa ou axuda implicará a autorización ó Concello de Xove para obter calquera tipo de información a través de entidades públicas ou privadas, sobre os datos do solicitante ou do gando necesarios para determinar ou non a obtención da axuda.

### NOVENA.- PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Os interesados en acceder ás axudas deberán solicitalo no impreso normalizado facilitado polo Concello.

As solicitudes atoparanse a disposición dos interesados e poderán presentarse nas dependencias da Concellalía de Gandería e dirixiranse ao Alcalde-Presidente do Concello de Xove.

O prazo de presentación das solicitudes será todo o exercicio. As solicitudes deberán presentarse antes de que transcurran 2 meses dende a data da morte do



## Concello de Xove

---

animal obxecto de axuda.

### DÉCIMA.- INSTRUCCIÓN, TRAMITACIÓN DO PROCEDEMENTO

1.- As solicitudes de axudas reguladas nas presentes Bases deberán conter toda a documentación que nas mesmas se regula.

Se a solicitude non estivese debidamente cuberta ou non se achegase a documentación esixida, requirirase á persoas solicitante para que no prazo de 5 días emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa advertencia de que, se así non o fixese, se considerará desistido da súa petición, logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos.

2.- A instrución do procedemento corresponderá ao Departamento de Agricultura, Gandería e Montes, órgano que ditará o Informe-Proposta de Resolución debidamente motivada, que en cada caso proceda e que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos que se debe formular a proposta de resolución.

A competencia para coñecer e resolver as solicitudes de axudas corresponderá á Xunta de Goberno Local.

### UNDÉCIMA.- MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e eventualmente á súa revogación e reintegro, se fose o caso.

### DUODÉCIMA.- TRAMITACIÓN E PAGO.

O pago das axudas realizarase mediante transferencia bancaria, en función das disponibilidades da tesourería municipal, unha vez que a Xunta de Goberno Local adopte acordo aprobatorio da concesión das mesmas.

Será requisito indispensable para o libramento da axuda aportar a seguinte documentación:

-Certificado acreditativo de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias co Concello de Xove

-Declaración doutras axudas obtidas para a mesma finalidade, no modelo normalizado

-Certificación acreditativa do cumprimento dos requisitos, obrigas e condicións necesarias para a obtención da bolsa, no modelo normalizado.

### DÉCIMOTERCEIRA.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

Son obrigas dos beneficiarios de bolsas ou axudas ao estudo as seguintes:

- 1.- Consignar fielmente a documentación e os datos esixidos nas presentes Bases
- 2.- Destinar a axuda á finalidade para a que se concede.
- 3.- A presentación da solicitude obriga ó solicitante á aceptación das Bases que rexen o



## Concello de Xove

---

procedemento

4.- Someterse ás actuacións de comprobación que, en relación coas axudas concedidas, se practiquen polo órgano concedente.

### DÉCIMOCUARTA.- VERIFICACIÓN E CONTROL

As adxudicacións deste tipo de axudas poderán ser revogadas total ou parcialmente, se teña aboado ou non o seu importe, no caso de descubrirse que na súa concesión concurríuse en ocultación ou falseamento de datos.

### DÉCIMOQUINTA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A concorrencia ao proceso de concesión de subvencións implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei Orgánica 15/99, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente a xestión e tramitación do expediente correspondente.

## **DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE**